

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.53989> EDICIONES
COMPLUTENSE

Rafael Dieste e Sebastián Martínez-Risco entre Bos Aires e a Academia Galega

Xosé Ramón Freixeiro Mato¹

Recibido: 18 de maio de 2016 / Aceptado: 3 de agosto de 2016

Resumo. A Guerra Civil de 1936 interrompeu o proceso de recuperación da identidade cultural galega e foi no exilio e na emigración americanos onde tal proceso tivo continuidade. Rafael Dieste é un exemplo de intelectual exiliado que traballou pola cultura galega en Bos Aires nas décadas de 40 e 50, en canto Sebastián Martínez-Risco viaxará a esa capital nas dúas décadas seguintes para manter aceso o facho da galegitude e para conseguir apoios para a Academia Galega.

Palabras chave: Rafael Dieste; Sebastián Martínez-Risco; Bos Aires; exilio; emigración; cultura galega; Academia Galega.

[es] Rafael Dieste y Sebastián Martínez-Risco entre Buenos Aires y la Academia Gallega

Resumen. La Guerra Civil de 1936 interrumpió el proceso de recuperación de la identidad cultural gallega y fue en el exilio y en la emigración americanos donde tal proceso tuvo continuidad. Rafael Dieste es un ejemplo de intelectual exiliado que trabajó por la cultura gallega en Buenos Aires en las dos primeras décadas de la posguerra, mientras Sebastián Martínez-Risco viajará a esa capital en las dos décadas siguientes para mantener vivo el espíritu de la galleguidad y para conseguir apoyos para la Academia Gallega.

Palabras clave: Rafael Dieste; Sebastián Martínez-Risco; Buenos Aires; exilio; emigración; cultura gallega; Academia Gallega.

[en] Rafael Dieste and Sebastián Martínez-Risco: Buenos Aires and the Galician Academy

Abstract. Although the Spanish Civil War (1936-39) interrupted the recovery of Galician cultural identity, this process was continued by emigrants. The writer Rafael Dieste is an example of an intellectual who pioneered Galician culture in Buenos Aires for two decades after the war. During that time, Sebastián Martínez-Risco also travelled there with the aim of keeping the spirit of galicianism alive and to gain support for the Galician Academy.

Keywords: Rafael Dieste; Sebastián Martínez-Risco; Buenos Aires; Exile; Emigration; Galician Culture; Galician Academy.

Sumario. 1. Introducción. 2. O duro camiño de Dieste cara ao exilio americano e o reencontro coa Galiza emigrante. 3. Bos Aires e a cultura galega. 4. As produtivas viaxes de Sebastián Martínez-Risco a Bos Aires. 5. Conclusión. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Freixeiro Mato, X. R. (2016): “Rafael Dieste e Sebastián Martínez-Risco entre Bos Aires e a Academia Galega”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 19, 61-69.

¹ Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, Grupo ILLA.
E-mail: freixei@udc.gal

1. Introducción

A Guerra Civil española de 1936 presupuxo a brusca e traumática ruptura dun lento proceso de recuperación da identidade galega que viña operando desde a época dos precursores setecentistas, con consecuencias trágicas para os dirixentes e militantes da esquerda e do Partido Galeguista (PG), uns fusilados ou encarcerados e outros obrigados ao exilio, interior ou exterior. Neste último caso un punto de destino importante foi a cidade de Bos Aires, onde co inicio da guerra de 1936 a propia filial do PG muda a súa denominación para Grupo Galeguista de Bos Aires, que nese momento tiña 103 afiliados. En 1941 toma o nome de Irmandade Galega e en 1942 reaparece o histórico cabeceiro nacionalista *A Nosa Terra* na América, coincidindo coa chegada masiva de exiliados galeguistas á capital arxentina, entre os que sobrancea Castela. En outubro de 1944 constitúese o Consello de Galiza baixo o impulso da Irmandade Galega e do propio Castela. En 1949 o PG só conta con 200 afiliados distribuídos entre Bos Aires e outras cidades arxentinas, Montevideo, México e A Habana. Cunha denominación ou outra, fica claro que a Irmandade Galega se converteu de todas as formas “na casa común da maioría dos que mantiñan a identidade patriótica galega viva na América e o resto do mundo” (Diéguez Cequiel 2015: 126). Mais, anulado o PG na Galiza e logo disolto polos poucos dirixentes que ficaran no interior, vai ser á Galiza emigrante e exiliada na América a onde se desloque o activismo político-cultural de carácter galeguista².

Rafael Dieste, comprometido coa causa republicana e co galeguismo sen ter afiliación política concreta, tórnase un exemplo de exiliado galego na América que traballou activamente en prol da cultura galega nas dúas primeiras décadas da posguerra, en canto Sebastián Martínez-Risco, presidente da RAG desde 1960 a 1977, manterá un intenso contacto coa Galiza emigrante e exiliada nas décadas de 60 e 70, cando ambos coincidirán no seu país en torno ás actividades académicas e

á vinculación co exilio e emigración galega na América³, nunha nova etapa en que este destino comeza a perder importancia para o fenómeno migratorio se reorientar cara aos países europeos. Aínda así, a influencia da emigración americana no activismo cultural galego durante esas dúas décadas continuará a ser relevante.

2. O duro camiño de Dieste cara ao exilio americano e o reencontro coa Galiza emigrante

Pódese falar de varias fases no exilio galego, de acordo con Núñez Seixas: xullo - agosto de 1936, setembro de 1936 - abril de 1939 e o período posterior ao final da guerra, subdivisíbel en década de 40, década de 50 e década de 60 até 1972. Sinala tamén este autor diversos tipos de itinerarios dentro destas fases ou superpóndose a elas: (i) o fuxido dos primeiros meses, que se incorpora á zona republicana por vía marítima, por Portugal ou polo monte; (ii) o fuxido, comprometido coa Fronte Popular, que se refuxia no monte até conseguir a fuxida por mar, a fuxida cara a Portugal por vía terrestre ou o alistamento no exército franquista como voluntario para salvar a vida; (iii) o exiliado por azar xeográfico, que se achaba na zona leal no momento da sublevación e que se incorporou ao bando republicano; (iv) o fuxido ou guerrilleiro de posguerra; e, por último, (v) o legalmente emigrante a partir de marzo de 1946 (Núñez Seixas 2006: 22-30).

Certamente, son moitas as casuísticas das persoas que teñen de emprender o duro camiño do exilio. Rafael Dieste e a súa muller Carmen Muñoz, ambos a faceren parte en 1936 das Misións Pedagóxicas, case por azar conseguiron salvar a vida no inicio da guerra e incorporáronse á loita das forzas republicanas, situación en que permaneceron até ao final da contenda. Farían parte, pois, dese grupo (iii) de que fala Núñez Seixas, conseguindo neste caso fuxir pola fronteira francesa. Barcelona vai caer finalmente en mans do bando sublevado o día 27 de xaneiro de 1939 e en febreiro o casal reunírase novamente nesa cidade para fixar

² Sobre todo o relativo á historia do nacionalismo galego e do PG, tamén na emigración, sirvan de referencia Díaz Pardo (1987), Fernández Santander (2002), Beramendi (2007) ou Diéguez Cequiel (2015), entre outros traballos.

³ Precisamente no establecemento das fases da emigración galega á América, Villares e Fernández (1996: 138-162), após un período de emigración masiva entre 1880 e 1930, sinalan outro de crises e exilios entre 1930 e 1945, no cal emigración e exilio conflúen, e un período de “repunte da emigración” de 1946 a 1960.

París como punto de encontro unha vez terminada a guerra. Rafael retorna ao seu posto na fronte en segunda liña de fogo, agora en Olot, onde realiza funcións de monicreques para os soldados, alén de contribuír para a confección de *El Combatiente del Este*. Carmen Muñoz, por seu turno, vai emprender, acompañada da muller de Ramón Gaya e dunha filla de vinte meses deste matrimonio, unha dramática viaxe desde Barcelona a Franza, que se saldará coa caída gravísima baixo un intenso bombardeo en Figueres da nai coa filla entre os brazos e con Carmen ferida nunha das súas extremidades superiores. A pesar disto, vai ter de se facer cargo da criatura e consegue chegar a Franza; alí será operada de urxencia nun hospital e a nena atendida⁴.

Non foi o país galo, con todo, unha terra de acollida xenerosa coas persoas refuxiadas da Guerra Civil española, incluídas as de procedencia galega (Velasco 2006: 141-142). Dieste e o seu grupo serán internados no campo de concentración de Saint Cyprien, onde permanecerán vinte días, até á súa liberación por influencia dos escritores franceses e o confinamento en Poitiers. Pola providencial intervención do pai de Carlos Gurméndez, ministro uruguaio na Haia, o matrimonio Dieste consegue un pase para ir a Holanda e un documento que acredita o dereito de Rafael a se deslocar ao Uruguai para reclamar a cidadanía nese país por ser súa nai uruguaia. En Rotterdam conseguirán embarcar con tal destino e chegarán a Montevideo no mes de xuño após 17 días de singradura (Freixeiro Mato 1995: 61). A dureza da etapa que deixan atrás fica ben patente nunha carta da muller de Otero Espasandín a Carmen Muñoz, de 21 de marzo de 1939, na cal chega a lle dicir: “¿Te acuerdas la bomba que cayó en mi casa el 17 de mayo del año pasado? Fue una lástima haber escapado con vida, ¿no crees? Ya que no sucedió no hay más remedio que afrontar las circunstancias” (Axeitos 1994a: 102).

As dificultades das persoas galegas que loitaron durante a guerra pola causa da legalidade republicana e que agora no exilio se ven ignoradas ou desprezadas polos países que se

dicían defensores da democracia e da liberdade vese tamén noutra carta de Otero Espasandín a Rafael Dieste de 10 de abril de 1939, na cal se lamenta de que aínda non se desen concretado as xestións co goberno arxentino para a admisión dun determinado número de refuxiados (*ibid.* 103); con todo, a América Latina si foi unha verdadeira terra de acollida para o exilio galego, pois a “relación de Galicia e América no momento do estalido bélico era sumamente estreita polas vinculacións propiciadas polas redes microsociais que relacionaban ás dúas parroquias separadas polo Atlántico” (Cagiao Vila 2006: 105). A saída de España e o périplo por Europa antes de emprender a viaxe á América constitúe un capítulo dramático na vida de Rafael Dieste e de tantas outras persoas loitadoras pola liberdade e o progreso, como moi ben reflicte unha carta deste ao seu irmán Antonio de xaneiro de 1947 (Axeitos 1994b: 100-105). Por iso nesta mesma carta lamenta amargamente que outro irmán se manifeste partidario de quen foi culpábel directo de tanto sufrimento:

En Montevideo supe que Manolo, al parecer por razones religiosas -y sin duda despistado por los estúpidos periódicos- era partidario de Franco. ¿Cómo se puede ser partidario de Franco por razones religiosas? ¿Cómo no ven que detrás de esa cruz está el diablo? (*ibid.* 101)

No medio dese infortunio colectivo, o matrimonio Dieste aínda vai ter a sorte de poder chegar pronto á América e reencontrarse coa familia da diáspora. No Uruguai acólleno os irmáns Enrique e Eduardo Dieste, este último despois de abandonar valentemente o seu cargo diplomático en Madrid en disconformidade coa actitude do Goberno uruguaio, que romperá relacións coa República española ao inicio da guerra. Após pasaren un mes no Uruguai, Rafael Dieste e Carmen Muñoz van fixar a súa morada na cidade porteña o día 11 de xullo de 1939; un ano despois xa disporán de cédula de residentes na Arxentina, país en que achan tamén familiares e amigos. En xaneiro de 1940 conseguirán traballo na editorial Atlántida por medio da pintora galega Maruja Mallo, a quen

⁴ É digno de se ler o relato desta dramática peripecia que Carmen fai por carta (de 15/02/1939) ao seu marido: véxase Dieste e Muñoz (1995: 24-34); en cartas posteriores recompiladas neste mesmo volume continuarán a falarse deste episodio e das súas consecuencias, incluída a operación do brazo de Carmen e as dificultades para se reencontraren en París.

xa coñeceran en Madrid; Rafael vai adquirindo funcións de director literario e Carmen de secretaria do departamento editorial, o que lles permitirá desfrutar dunha boa situación económica.

Nesta nova situación Rafael Dieste non se vai esquecer dos amigos que pasan por dificultades e, pensando nos problemas económicos de Otero Espasandín e doutros, crea unha nova sección de divulgación na editora, onde este colaborará con un orixinal cada mes, polo cal recibía unha determinada cantidade con que aliviar a súa penuria en Inglaterra. Outros exiliados acharán tamén nesta empresa editora un pequeno respiro para os seus problemas económicos e entre eles, de forma destacada, Castelao, que “ilustrou, para esta editora na súa colección «Billiken», dez obras que reunen a maior parte do traballo que como ilustrador realizou no exilio” (Axeitos e Seoane 1994: 19). Nesta colección tamén colaborarán outros exiliados galegos e españois, alén de escritores arxentinos represaliados polo réxime peronista, feito que non deixará de ser criticado por algún sector da sociedade arxentina, como se ve nunha carta enviada á editora a que fai referencia Otero Espasandín (1984):

Su «misiva» había sido traída allí para que se viese el «sentimiento» de la juventud rioplatense y se «advirtiese» la generosidad del país respecto de los refugiados políticos procedentes de la «caduca Europa», tan propensa a devorar a sus propios hijos. (Otero Espasandín 1984: 88)

En Bos Aires vai Dieste estreitar os vínculos coa colonia galega, fortalecendo a amizade con escritores e artistas da terra residentes na cidade. Vaise facer famosa a tertulia do café Tortoni, que tiña en Luís Seoane, a quen Dieste coñecera en Santiago, o seu principal mantedor, participando tamén Arturo Cuadrado, Antonio Baltar, Otero Espasandín, Lorenzo Varela, Dieste e outros. Mais tamén a morada dos Dieste era centro de reunión de persoas galegas exiladas: “En tales ocasiones, ya terminada la cena que había preparado Carmen, a veces con el concurso de Mireya y de Maruja Seoane, se oía música que Rafael tocaba en el piano, se leía una comedia inédita o parte de ella, se cantaba y a veces se bailaba una muiñeira” (Otero Espasandín 1984: 89). Mais a vida no desterro americano non pode ser agradábel para aquelas persoas que teñen de estar lonxe da súa terra e dos seus seres queridos. En

canto a colonia de galegos e galegas vive na solidariedade esa ‘Galiza emigrante’ coa constante lembranza do país en que naceron e coa esperanza do retorno a el, baixo a natural lideranza de Castelao, outros fuxidos de España a consecuencia da guerra non demostran estaren á altura das circunstancias históricas, como tamén denunciara o propio Castelao. Nunha carta dirixida a Luís Seoane desde Punta del Este (Uruguai), de 3 de febreiro de 1946, Dieste deixa ver o amargor do exilio e o desengano polas actitudes dalgúns republicanos españois:

He visto muchas cosas que no deseo que pintes, aunque lo merecen, porque sería señal de un año más en este engañoso columpio del exilio, siempre colgados de hipótesis, y veleidosamente mecidos por el maquiavelismo (¡pobre Maquiavelo!) de nuestros repúblicas. ¿Desterrados, aterrados, enterrados o desenterrados? ¡Sin tierra, desde luego (me refiero a ellos)! (Axeitos 1994b: 107)

Arredor de 1948 unha máis que xustificada sensación de desánimo invade o espírito dos exiliados da guerra española na Arxentina, que ven como desaparecen as posibilidades reais de mudanza da situación política no Estado español, segundo os camiños que vai tomando a política internacional, e que asisten a unha difícil conxuntura no propio país de residencia. Rafael Dieste séntese afectado tamén perante esta situación, a que hai que acrecentar certo malestar coa editora en que traballa, e decide viaxar pola Europa coa súa muller, até acabar de profesor universitario en Inglaterra. En 1952, a finais do curso escolar, o matrimonio sopesa a posibilidade de regresar á América e, en canto avalía a difícil situación que se vive na Arxentina, recibe a proposta dos irmáns de Rafael residentes en México, Antonio e Manuel, para se deslocar alí, onde o autor vai ser convidado por unha universidade privada, o Instituto Tecnolóxico de Estudos Superiores de Monterrei, para ensinar Lingua e Literatura Española; alí permanecerá outros dous anos. En 1954 vai deslocarse por segunda vez, e despois duns seis anos de ausencia, a Bos Aires, aínda que xa sen a urxencia anterior. Se entre 1917 e 1936 Dieste transitara “por tres continentes e dúas guerras”, sendo “un dos membros da súa xeración que máis viaxou” (Casas 2011: 259), no período do exilio o périplo viaxeiro contiñou a facer parte importante da súa vida.

3. Bos Aires e a cultura galega

Dieste, que xa era activista da cultura galega nos seus anos de mocidade na Galiza, vaine continuar a ser en terras americanas. Novamente na cidade bonaerense, e recuperada a súa anterior morada e o traballo na editorial Atlántida, aínda que nun réxime horario máis libre, tal como era o desexo do autor, o matrimonio vai voltar ao reconfortante trato cos amigos e amigas da anterior estada na capital arxentina, entre os que se achaban Antonio Baltar, Luís Seoane, Colmeiro, Lorenzo Varela ou Amado Villar, aos que se unirá Laxeiro e máis tarde Isaac Díaz Pardo. Con eles vai intensificar o seu activismo en prol da cultura e da identidade da Galiza, tema recorrente nas súas frecuentes reunións e faladoiros. Mais xa con anterioridade Dieste desenvolvera un labor galeguizador na capital arxentina; así, o día 25 de xullo de 1946 fora convidado polo Centro Galego de Bos Aires a pronunciar un discurso no Día de Galiza, que intitulou “Galicia en el recuerdo”, onde afirma: “Galicia era el mundo y es el mundo, y por eso yo fui –y vamos en general los gallegos– tan confiados mundo adelante”. Nesta intervención o autor vai traer á memoria algunhas das súas lembranzas primeiras da terra onde naceu, a que pon fin con estas palabras: “¡Galicia en el recuerdo! ¡Qué sé yo! No se acabaría nunca, porque es más bien un modo de empezar”⁵.

Alén da conmemoración anual do 25 de xullo con actos de exaltación da cultura galega, Bos Aires xa tiña unha longa tradición como “quinta provincia galega” (Diéguez Cequiel 2015: 121) que desenvolvía un intenso labor galeguista. Pouco despois do regreso de Dieste, en Bos Aires creárase a AGUEA (Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas), que vai ter Antonio Baltar como presidente, sendo os trece membros restantes Luís Seoane, Alberto Vilanova, Emilio Pita, Laxeiro, “Tacholas”, Gómez Paratcha, Díaz Trigo, Blanco Amor, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela, Quintela Nóvoa, Isaac Díaz Pardo e Rafael Dieste. Deixando de lado aquela frustrada Asociación de Escritores Galegos fundada en 1930 en Ourense por iniciativa principal

de Álvaro de las Casas, en que figuraba Dieste como vogal e que non tiña na composición da súa directiva unha orientación ideolóxica definida, a AGUEA presenta, polo menos nos seus membros máis destacados, un perfil ideolóxico bastante delimitado, que poderíamos cualificar de esquerda galeguista, non identificada co galeguismo do interior que se articulaba arredor do proxecto Galaxia, abertamente anticomunista e contrario ao activismo político militante, mais tampouco totalmente identificada co pensamento nacionalista de Castelao, aínda que os seus membros eran admiradores do seu legado histórico e partidarios de continuaren o labor do Seminario de Estudos Galegos, a censuraren con dureza a incautación do seu patrimonio.

Rafael Dieste vai participar das actividades que desenvolve AGUEA entre a colonia de emigrantes galegos, consistentes en conferencias, seminarios sobre a historia da Galiza ou cursos de galego, en certo modo continuadoras das que el e outros intelectuais desenvolveran antes da guerra, como escribe Luís Seoane para a emisión radial “Galicia Emigrante” de 2 de setembro de 1956 (Braxe e Seoane 1989: 141-143). Este grupo nace moi vinculado coa editorial Citania, onde case todos van publicar algunha das súas obras e onde Rafael Dieste tirará do prelo en 1958 a segunda edición, coa versión definitiva, d’*A fiesta valdeira*, dedicada a seu irmán Antonio. Mais todas estas iniciativas e proxectos culturais de tan destacado grupo de intelectuais empeñados en que os emigrantes manteñan o orgullo e a dignidade de seren galegos a través dun profundo coñecemento da cultura propia, non achaban o eco debido, face a outro tipo de actividades lúdicas e folclóricas dos centros galegos, como porá en relevo o mesmo Seoane en outubro de 1959 (Braxe e Seoane 1989: 449).

Son moitas as palestras sobre cultura galega que se organizan na capital porteña e entre os oradores non podía faltar Dieste. A beleza da súa prosa literaria tamén se traslada á oratoria, como manifesta Seoane ao comentar unha conferencia de xullo de 1958: “Poucas veces unha conferencia dita por escritor, artista ou

⁵ O discurso completo está publicado en *Documentos A*, Anthropos, Barcelona, nº 1, 1991, pp. 210-213. Un fragmento deste constitúe a súa colaboración no nº 152-153 de *Ínsula*, de Madrid, dedicado á Galiza en xullo-agosto de 1959, co título de “Camino de Santiago”.

profesor galego algún, chegou mais adentro na súa beleza e verdade á entraña dun auditorio” (*ibid.* 430). Tamén intervén Dieste como orador no acto de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo que se celebra en Bos Aires en 1959, organizado por Follas Novas na biblioteca do Centro Lucense; fan a presentación Neira Vilas e Anisia Miranda, tomando a palabra, alén de Dieste, Alonso Ríos, Antonio Baltar, José Blanco-Amor, Víctor Luís Molinari, Suárez Picallo e Ramón de Valenzuela, que fan unha semblanza da personalidade e a obra do homenaxeado, a resaltaren a súa importancia na cultura galega. Interviñera, igualmente, na homenaxe a María Casares: “Rafael Dieste nun magnífico discurso, pronunciado nun xantar de homenaxe a María Casares, falando do teatro galego...” (*ibid.* 408). Coa participación de Dieste e doutras personalidades, entre as que destaca Castela, a colectividade galega na cidade bonaerense mantivo durante estes anos unha actividade propia da verdadeira capital cultural da Galiza e núcleo do labor galeguista; e tal papel continúa após a desaparición do máximo representante do galeguismo en 1950.

4. As produtivas viaxes de Sebastián Martínez-Risco a Bos Aires

A fins da década de 50 Sebastián Martínez-Risco é, sen dúbida, un dos académicos máis activos e prestixiosos, ben como un dos máis integrados na vida cultural coruñesa. Neste sentido, vai ter unha intervención destacada no acto de homenaxe de artistas e intelectuais galegos a Isaac Díaz Pardo celebrado na Coruña o día 7 de febreiro de 1960, acto en que exerceu de oferente (Freixeiro Mato 1994: 68). Sendo, pois, Martínez-Risco un destacado membro da Academia Galega, inevitábel orador en calquera dos actos por esta programados, e a gozar dun recoñecido prestixio como xurista, escritor e conferencista, non torna raro que o seu nome aparecese publicamente cando houbo que procurar substituto ao desaparecido presidente da institución Manuel Casás Fernández. Entre a listaxe de presideciábeis o nome do ilustre avogado ourensán era o que gozaba de máis posibilidades, de modo que foi eleito presidente o día 9 de outubro de 1960. Coa súa presidencia, a RAG entra nunha nova etapa caracterizada por unha maior proxección pública e un intenso dinamismo interior, que se manifesta na súa constante presenza nos medios de comunicación galegos. Sebastián Martínez-

Risco foi un presidente conciliador e dialogante, que soubo exercer o seu cargo mantendo un difícil equilibrio entre as persoas nuns momentos complicados, non faltos de tensións e intereses persoais ou de grupo contrapostos. Arbitrou e mediou para resolver problemas, a procurar unha relación amigábel con todos, polo que se gañou o respecto e a simpatía xeral; son dignos de salientarmos os dotes políticos mostrados, que valeron para conseguir metas importantes para a Academia e para a cultura galega.

Se xa Martínez-Risco era unha das figuras importantes no mundo cultural galego con anterioridade á súa chegada á presidencia da RAG, o desempeño deste cargo vaino converter nun símbolo representativo da cultura galega, tanto no interior do país como na emigración peninsular, europea e, principalmente, americana. A falta de institucións propias de autogoberno durante o período en que exerceu a presidencia da corporación académica outorgoulle, alén do máis, un certo carácter oficioso de representante político dun país con personalidade propia, non recoñecida oficialmente na estrutura política oficial do Estado. Esta representación oficiosa dunha vella nación con anseios de liberdade e autonomía vaina ostentar o novo presidente con grande discreción, serenidade e prudencia, ás veces mesmo non plenamente consciente da función que desempeñaba e das expectativas que o seu papel institucional despertaba sobre todo nas colonias da emigración. A atención de que era obxecto por parte dos medios de comunicación, con constantes informacións sobre as actividades culturais en que tomaba parte e frecuentes entrevistas recabando a súa opinión sobre os diferentes aspectos da realidade galega, ben como as continuas chamadas a presidir actos socioculturais en cidades e vilas das catro provincias galegas e nos centros da emigración, veñen a significar que, en certo modo, a súa figura tentaba paliar, aínda inconscientemente nalgúns casos, o baleiro institucional existente no país.

A representación oficiosa da Galiza que asumiu ao acceder ao cargo de presidente da RAG, e que el tan ben soubo dignificar, levouno a ser requirido polo Centro Galego de Bos Aires para impartir, con motivo da celebración do día da Galiza de 1961, un curso de conferencias no verán dese ano en diferentes centros da cidade bonaerense. Colaborou tamén

na organización desta primeira viaxe do novo presidente á América Francisco Fernández del Riego, representante na Galiza do Centro Galego de Bos Aires. Os temas das conferencias propostos foron: “Biografía do idioma galego” (Academia de Letras), “A ausencia do emigrante ante o Dereito” (Colexio de Avogados), “O Dereito foral galego, a súa existencia e subsistencia” (Facultade de Dereito), “O mundo dos animais na poesía galega” (Facultade de Filosofía e Letras), “A literatura narrativa galega” (Instituto Mitre), “O pensamento de Castelao” (Instituto Popular), “A loita contra o minifundio galego” e “A Real Academia Galega no tempo” (Centro Galego)⁶.

Cumprido o programa da viaxe e xa de volta o presidente na Galiza, pouco a pouco vanse ir vendo as consecuencias positivas que tivo para a cultura galega. Alén de ao ano seguinte o Centro Ourenán de Bos Aires adoptar por unanimidade o acordo de o nomear socio de honra, distinción que só Ramón Otero Pedrayo e Castelao recibiran con anterioridade, en 1962 vaise plasmar tamén unha serie de axudas dos centros galegos daquel país para a RAG, como a organizada nunha asemblea do Centro Pontevedrés, que en decembro dese ano xa enviara á RAG un primeiro xiro urxente de 50.000 pts. e tiña preparado outro polo mesmo importe, esperando que un terceiro superase con moito os anteriores, pois estaba pendente unha romaría con este fin na cal esperaban obter 300.000 pesos, segundo se afirma en “En favor de la Academia Gallega. Salió el Primer Giro del Pontevedrés para la Academia” (*Orientación Gallega*, nº 8, decembro de 1962); outros titulares desta publicación son: “El festival del Centro Pontevedrés, a beneficio de la Academia Gallega, alcanzó brillantes proporciones”, “Montevideo iniciará campaña en pro de la Real Academia Gallega”, “Se formuló un llamado a centros gallegos de América pro Academia” e “Lista de las primeras contibuciones a la Academia Gallega hecha a través de la gestión del Centro Pontevedrés”, onde figuran particulares e asociacións con cantidades importantes.

Tamén o Centro Lucense se sumará á iniciativa “al conocerse las necesidades económicas de la Academia, expuestas por su presidente, doctor Sebastián Martínez Risco, cuando nos visitó el año anterior, y luego en carta reciente”, destacando no seu xornal que o mérito máis relevante dos emigrantes galegos foi a súa preocupación e axuda para elevaren o nivel de instrución do pobo galego e sosteren os seus principais centros de cultura (“Campaña de Ayuda Financiera a la Academia Gallega”, *Lugo*, decembro de 1962). Igualmente, a “Casa Galicia” de Nova Iorque recadou axudas para a RAG. Débese ter en conta que, segundo indica o seu bibliotecario, “a Academia, como sábese dabondo, nutríuse sempre na súa maior parte, cos subsidios aportados pol-os galegos de Ultramar” (Naya 1965). Aínda en 1964 se vai celebrar en Bos Aires un grande festival a beneficio da Academia, anunciado a toda a páxina na imprensa:

El próximo 31 de Mayo de 1964, a las 18 horas Gran Festival Folklórico Céltico en el Amplio Estadio del Luna Park de Buenos Aires a Total Beneficio de la Academia Gallega. Organizan: Centro Gallego de Buenos Aires, Centro Coruñés, Centro Pontevedrés, Centro Orensano y Centro Lucense (...). Entrada general 50 pesos. (*Lugo*, abril de 1964)

Certamente, só se pode cualificar de produtiva a primeira visita de Sebastián Martínez-Risco á América. E no ano 1975 realiza unha nova viaxe para participar máis outra vez nos actos que, con motivo da celebración do día 25 de xullo, organiza o Centro Galego de Bos Aires, consistindo a súa participación nesta ocasión en pronunciar un ciclo de conferencias sobre Castelao e en oficiar, alén diso, de convidado de honra do centro organizador⁷. Todas esas conferencias pronunciadas na América sobre a personalidade e a obra de Castelao, con motivo do XXV aniversario do seu pasamento, foron recollidas nun volume e publicadas en Bos Aires polo propio Centro Galego (véxase Martínez-Risco 1977).

Por outro lado, unha vez celebradas na Galiza as primeiras eleccións democráticas após

⁶ O programa completo da viaxe, segundo consta mecanografiado no arquivo particular de Martínez-Risco, pode verse en Freixeiro Mato (1994: 88-91).

⁷ Os actos celebrados poden verse en Freixeiro Mato (1994: 128-130), onde se dá unha tradución do programa oficial editado conxuntamente polo Centro Galego de Bos Aires e o Instituto Arxentino de Cultura Galega, co título “Día de Galicia 1975”.

40 anos de ditadura, pareceu chegado o momento, para algunhas persoas, de se realizar o traslado dos restos mortais de Castelao desde a Arxentina á súa patria. Neste tema vai intervir Martínez-Risco con grande decisión e firmeza, segundo se patentiza nunha carta de 29 de xullo de 1977 dirixida ao “Sr. D. Juan Naya Pérez, Delegado del Centro Gallego de Buenos Aires”, na cal se opón á manipulación política da figura do ilustre patriota galego e ameaza con revelar o nome dalgún destacado persoeiro “que en el año 1936 rindió hiperbólico homenaje de admiración al Dictador en letra impresa” e que agora se quería apuntar a unha comisión para trasladar os restos do político rianxeiro (Freixeiro Mato 1994: 149-152). Mostrouse, pois, neste tema, como noutros moitos, un firme defensor dos comportamentos éticos e dos valores de liberdade e democracia, ben como amante da Galiza e fiel ao legado de Castelao. Mais unha grave doenza ía xa consumindo os seus días, que terminaron por se esgotar no transcurso dese mesmo ano 1977.

5. Conclusión

Cando a ditadura franquista comezaba a se abrandar un pouco por exixencias do contexto xeopolítico a inicios da década de 60, Dieste organiza o regreso á Terra con todos os papeis en regra, após vencer as trabas burocráticas do caso sen ter de asinar ningún tipo de adhesión ao réxime franquista; o barco en que navega o matrimonio Dieste arriba a Vigo o día 21 de agosto de 1961. Por esas mesmas datas Sebastián Martínez-Risco consolida a súa función de presidente da RAG e intensifica a relación coa Galiza de alén mar mediante a realización da súa primeira visita a Bos Aires. En canto un vén, outro vai, ambos na procura da unión entre as dúas Galizas separadas polo Oceano Atlántico e tamén por unha guerra fratricida.

A Dieste agardábano en Vigo algúns amigos, como Ramón Baltar, Colmeiro, Fernández del Riego, Paz Andrade ou os irmáns Álvarez Blázquez; e o primeiro que fai é establecerse na casa familiar de Rianxo e organizar a súa reparación e mellora. Mais a alegría dos novos encontros non lle fai esquecer as amizades fraternais deixadas alén mar, como se pode ver nesta carta que dirixe en 1961 a Luís Seoane e a súa dona:

Naturalmente, la dicha será completa, para esta tierra y para mí, si cuando vengáis traéis en hilera, todos asidos de las manos, a Lala y Laxeiro, Lorenzo y Marika, Mimina e Isaac; este tirando de una gran maquinaria de su invención, provista de un potente imán que a su vez tire de Núñez Búa... y así sucesivamente. (Axeitos 1994b: 108)

Como torna lóxico pensarmos, a readaptación á vida galega, após 22 anos de exilio e algúns máis fóra da Galiza, non é fácil para o matrimonio Dieste, tendo en conta, alén do máis, as mudanzas producidas polo paso do tempo e a nova situación política, agora baixo unha ditadura que restrinxen as liberdades máis elementais. Na Galiza van coincidir Rafael e Sebastián, que partillan amizades e inquietudes culturais. Aos cinco anos de o primeiro se establecer novamente en territorio galego, en xuño de 1966, vai ser proposto para membro de número da RAG. O significado do ingreso de Dieste nesta institución é xulgado por Díaz Pardo como un feito importante para a superación das feridas da guerra, por se tratar da recepción do primeiro exiliado:

Se trataba de limpiar la Academia de tantos elementos negativos como le había metido el régimen, y esto lo comprendía bien Sebastián disponiéndose a meter en la institución al primer exiliado, lo que suponía dar un paso hacia la superación de la guerra civil venciendo la resistencia de quienes aún hoy la quieren mantener viva impidiendo la entrada de los hechos en la historia, negando incluso el acceso a los archivos históricos. (Díaz Pardo 1987: 86)

Rafael Dieste entrará na RAG o día 18 de abril de 1970 cun discurso intitulado *A vontade de estilo na fala popular*, que sairá do prelo en 1971. Eis como dúas figuras históricas da Galiza, unha a representar a nación errante e exiliada pola brutalidade da ditadura franquista e outra a simbolizar a resistencia interior na longa noite de pedra, se reencontran fisicamente por medio dunha institución como a RAG que, a pesar das súas deficiencias e incoherencias, era na altura a única representación dunha nación galega en andamento, certamente lento e mesmo desesperante por momentos. Sebastián falecerá, após unha grave doenza, na Coruña o día 24 de setembro de 1977; catro anos máis tarde, o día 15 de setembro de 1981, farao Rafael após un infeliz accidente doméstico no seu Rianxo natal. Ambos traballaron pola cultura

e pola identidade galegas coa ollada posta na Galiza exterior e na interior, e os dous sintetizan na súa vida e na súa obra todo o esforzo de

aquén e de alén mar por recuperar a dignidade galega nuns anos especialmente complicados e convulsos.

6. Referencias bibliográficas

- Axeitos, Xosé Luís (1994a): “Dos arquivos de Rafael Dieste: Cartas de Otero Espasandín, Elena e Alicia a Rafael Dieste e Carmen Muñoz”, *Boletín Galego de Literatura* 11, pp. 99-103.
- (1994b): “Fragmentos epistolares para unha autobiografía”, en IGAEM, *A fiestra valdeira de Rafael Dieste*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Colección Centro Dramático Galego), pp. 95-111.
- Axeitos, Xosé Luís e Xavier Seoane (1994): “Dieste e a Editorial Atlántida”, en *Luis Seoane e o libro galego na Arxentina (1937-1978)*. A Coruña: Deputación Provincial, pp. 18-19.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Braxe, Lino e Xavier Seoane (eds.) (1989): *Escolma de textos da audición radial de Luis Seoane «Galicia Emigrante» (1954-1971). Versión galega e edición de —*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Cagiao Vila, Pilar (2006): “Outra vez América, terra de acollida”, en X. M. Núñez Seixas e P. Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, pp. 105-122.
- Casas, Arturo (2011): “Abstracción e mito. Traxectos de Rafael Dieste por tres continentes e dúas guerras (1917-1936)”, en C. Fernández Pérez-Sanjulián (ed.), *Viaxes e construción do pensamento. Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*. A Coruña: Universidade / Fundación Vicente Risco, pp. 257-275.
- Díaz Pardo, Isaac (1987): *Galicia hoy y el resto del mundo*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2015): *Nacionalismo galego aquén e alén mar. Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Dieste, Rafael e Carmen Muñoz (1995): *Epistolario amoroso*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Fernández Santander, Carlos (2002): *El exilio gallego de la guerra civil*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1994): *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- (1995): *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Martínez-Risco, Sebastián (1977): *Conferencias encol de Castelao nas xornadas patrióticas galegas de 1975 en Buenos Aires*. Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, Instituto Argentino de Cultura Gallega.
- Naya, Xoán (1965): “As ideas i os feitos. Nova etapa na vida da Real Academia Galega”, *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega de México* 3 (outono), p. [60].
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (2006): “Itinerarios do desterro: sobre a especificidade do exilio galego de 1936”, en X. M. Núñez Seixas e P. Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, pp. 11-51.
- Otero Espasandín, José (1984): *Cuentos que me contó Dieste*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Velasco Souto, Carlos F. (2006): *Represión e alzamento militar en Galiza*. Vigo: A Nosa Terra.
- Villares, Ramón e Marcelino Fernández (1996): *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.